



DESTINO DE APRENDIZAXE

- GUÍA PARA ESCOLARES -



Ribeira
TURISMO

CONCELLO DE RIBEIRA

O municipio de Ribeira pertence á **provincia da Coruña**, no norte da **Ría de Arousa**. Forma parte da comarca de O Barbanza, xunto coa Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.



PARROQUIAS

O concello está formado por nove parroquias: **Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira**.

Oleiros é a única sen comunicación co mar. **O Arquipélago de Sálvora** delimita o espazo mariño das augas da Ría de Arousa das do Océano Atlántico.

RECURSOS CULTURAIS E MEDIOAMBIENTAIS

Destacan os **recursos culturais e medioambientais**, como o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán; **os arqueolóxicos**, formados polo Dolmen de Axeitos, o Petróglifo da Pedra das Cabras e o Castro da Cidá, entre outros; **as praias**, como O Vilar e Coroso; **as vilas mariñeiras tradicionais** de Corrubedo e Palmeira; **os museos e centros de interpretación**; e os **miradoiros**, como o da Pedra da Ra.

VÍAS DE ACCESO

As principais vías de acceso son a **autovía do Barbanza (AG-11)** e a **estrada AC-305**, cuxos trazados son paralelos. Tamén se pode chegar a través da **estrada AC-550** que comunica Ribeira con Cee.



A visita aos recursos ribeirenses garante unha lección en contacto coa natureza e a cultura.



DESTINO DE APRENDIZAXE

A **riqueza patrimonial** do concello de Ribeira pretende servir de **apoio á aprendizaxe** recibida nas aulas durante o curso escolar. Museos e centros de interpretación son o punto de partida de itinerarios didácticos que afianzan os coñecementos adquiridos ou introducen novos recursos de forma práctica.



PREHISTORIA

O Barbanza conta con abundante patrimonio cultural de cada unha das etapas máis antigas da Prehistoria: **Neolítico, Idade de Bronce e Idade de Ferro**. Cada un destes períodos ten representación no concello de Ribeira, con recursos accesibles ao público. Como antesala a este patrimonio pode realizarse un percorrido guiado polo Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque.

PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE E CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓXICA



Aparcamento autobuses



Área para realizar comida



Entrada:

Gratuíta

Unha zona natural e cultural que funciona como museo ao aire libre da prehistoria galega. Os principais espazos deste parque son as tres grandes áreas de réplicas prehistóricas e o Centro de Interpretación Arqueolóxica, ademais doutros exemplos do patrimonio cultural, como un pombal galego, un invernadoiro, un anfiteatro e un lavadoiro; e do patrimonio natural, como o Miradoiro de San Roque e as diferentes especies de árbores que medran no terreo.

O Centro de Interpretación Arqueolóxica conta con dúas exposicións: **“A pegada e o reflexo”** e **“A través do tempo”**. A primeira fai un percorrido histórico polos tres períodos máis importantes da prehistoria con representacións do patrimonio máis significativo que se pode atopar no concello. O alumnado ampliará os coñecementos sobre dolmens, mámoas e menhires do Neolítico; petróglifos da Idade de Bronce; e castros da Idade de Ferro.




A segunda exposición conta con paneis informativos sobre o **patrimonio natural e cultural** que define ao concello, con elementos tan importantes na cultura galega como son a dorna, as artes de pesca, o hórreo, o carro; e do patrimonio natural a través do coñecemento da fauna e a flora características do lugar. Tamén singularidades como o funcionamento da lonxa de Ribeira ou o afundimento do barco vapor Santa Isabel nas costas de Sálvora en 1921.

O Parque Periurbano de San Roque expón réplicas ao aire libre das manifestacións culturais máis representativas das diferentes etapas prehistóricas. Na **zona do Megalitismo** pódense ver reproducións dun dolmen, unha mámoa, un menhir, un círculo lítico e un aliñamento de pedras. Neste espazo tamén se atopa o

miradoiro de San Roque con vistas á cidade de Ribeira, ao porto, á praia de Coroso, á parroquia de Palmeira e á ría de Arousa

A **zona da Idade de Bronce** está formada por un conxunto de petróglifos distribuídos nunha ampla área. Destacan entre eles a representación da Pedra das Cabras (o orixinal atópase en Palmeira) formado por dous cérvidos coa característica de que cada un deles ten seis patas pois pretenden simular o movemento.

A última área é a da **cultura castrexa** na que se pode ver a reprodución de tres cabanas da **Idade de Ferro** rodeadas por unha muralla baixa e que axudan a formarse unha idea de como serían, no seu tempo, os primeiros asentamentos permanentes das comunidades da época.

Acceso:	Estrada CP-7301 que comunica o Lugar de Xarás con Aguiño
Visita guiada:	Si
Duración visita libre:	45 min no Centro de Interpretación Arqueolóxica + 45 min no Parque Periurbano de San Roque
Reserva previa:	Si, para realizar visita guiada
Información reservas	 Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque.  686 587 000  turismo@ribeira.gal

*A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo

CASTRO DA CIDÁ E MIRADOIRO DA PEDRA DA RA



Situado a 1,5 km do Parque Periurbano de San Roque localízase a área arqueolóxica do Castro da Cidá ao que se accede dende o miradoiro da Pedra da Ra. Este miradoiro foi **reformado no ano 2016** polo arquitecto **Carlos Seoane**. A súa obra foi obxecto de exposición nos certames de arquitectura da XV Bienal de Venecia e a Bienal Internacional de Arquitectura de Arxentina en 2016. O recoñecemento á reestructuración do espazo veu co outorgamento do **Premio Internacional de Arquitectura FAD** e o Premio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) en 2016; e en 2018 co Premio Lledó e o terceiro premio de 2A Magazine. No ano 2021 realizouse a última intervención co deseño do Banco do Piñeiro e o sendeiro que conduce a el.

O acceso dende o miradoiro da Pedra da Ra ao Castro da Cidá debe realizarse a pé por un sendeiro sinalado cun percorrido de 10-15 minutos. A visita ao recinto faise en tres paradas: sistema defensivo do castro, zona do antecastro (extension antes do recinto superior) e croa do castro (a parte máis alta dun xacemento castrexo). Nesta última zona foi onde se realizaron os estudos de escavación máis profundos durante os anos 2014, 2015, 2020 e 2021. Segundo as investigacións realizadas, calcúlase que o castro ten unha antigüidade de máis de 2500 anos.

Na **croa** quedaron ao descuberto **as cabanas** que posiblemente fosen empregadas na súa maior parte como obradoiros de traballo polos habitantes do castro, conclusión á que chega o arqueólogo que dirixiu as primeiras escavacións en función dos materiais atopados: cerámica, metais, olería... Destaca unha estrutura máis

recente, do século XVIII, da que existe documentación histórica. Segundo estes documentos, son os restos dunha caseta-vixía que formaba parte dun proxecto de vixilancia da costa galega. Nunha das últimas escavacións púxose ao descuberto o sistema defensivo da croa: unha muralla pétreo que rodea en parte as cabanas anteriormente mencionadas.

Acceso:	Desvío situado na Estrada CP-7301 que comunica o Lugar de Xarás con Aguiño
Visita guiada:	Si
Duración visita guiada*:	15 min no Miradoiro da Pedra da Ra + 45 min no Castro da Cidá
Reserva previa:	Si, para realizar visita guiada
Información reservas	<p>📍 Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque.</p> <p>☎ 686 587 000</p> <p>✉ turismo@ribeira.gal</p>

*A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo



DOLMEN DE AXEITOS

É un monumento que pertence á **cultura megalítica** ou ao fenómeno tumulario. A súa construción estímase **entre o 4000 - 3600 a.C.** e foi declarado **Ben de Interese Cultural (BIC)**.

Dentro das manifestacións culturais do Neolítico destacan os dolmens, as mámoas ou túmulos, os menhires e os seus conxuntos (círculos líticos e aliñamentos de pedras). A **finalidade** dos dolmens e das mámoas era de **tipo funerario**, en moitos casos de uso colectivo.

Existen diferentes tipos de dolmens. O de Axeitos pertence aos denominados de corredor, pois ten unha cámara onde descansarían os defuntos e un corredor de acceso a esa cámara. Consérvanse sete lousas da cámara e a pedra que a cubre, ademais das tres rochas do corredor.




Aparcamento
autobuses




Área para
realizar comida



Entrada:

Gratuita

Acceso:	Desvío situado na Estrada AC-303 que comunica Oleiros con Olveira
Visita guiada:	Non
Duración visita libre:	15 min
Reserva previa:	Non
 Información reservas	<p> Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque.</p> <p> 686 587 000</p> <p> turismo@ribeira.gal</p> <p> Servizo de Patrimonio da Deputación da Coruña</p> <p> 981 080 314</p> <p> 981 080 300</p>



MUSEOS

O concello conta con **tres espazos museográficos**. Dous deles atópanse na parroquia de Artes. O Museo do Gravado de Artes permite coñecer diferentes técnicas de gravado dende o século XV e ver obras de recoñecidos artistas a nivel internacional. O Museo Etnográfico de Artes posúe unha das máis extensas coleccións da cultura popular galega. O terceiro museo pode visitarse no centro da cidade de Ribeira. É o Museo Municipal de Ribeira no que se expoñen feitos de diferentes temáticas relacionados coa historia e a cultura de Ribeira.



É un **museo único na contorna**. Realízanse exposicións dedicadas á arte gráfica **dende as técnicas máis antigas (século XV) ás contemporáneas**. As obras expóñense en tres salas abertas ao público e os fondos do museo están gardados nun gabinete de estampas coas creacións clasificadas segundo a escola á que pertencen.



As tres salas da exposición albergan **máis de 1.300 pezas doadas polos veciños de Artes**. As temáticas son variadas, pero todas elas relacionadas coa cultura galega: os oficios de comezos do século XX, o fogar tradicional galego, os xogos populares, a música galega, as embarcacións e as artes de pesca...



Este céntrico museo está situado nun edificio de pedra na zona peonil de Ribeira. Acolle exposicións tan relevantes como a historia de Ribeira dende a prehistoria ata a actualidade; o afundimento do barco vapor Santa Isabel; ou unha colección etnográfica do traxe e das costumes galegas

Acceso:	Desvío situado na Estrada CP-7304 que comunica o Lugar de Xarás con Artes e Corrubedo
Aparcamento autobús:	Non, o autobús chega ata un desvío a 100m do museo
Visita guiada:	Si
Duración visita guiada*:	60 min aprox. Posibilidade de realizar obradoiros.
Reserva previa:	Si
Entrada:	Gratuíta
Área para realizar a comida:	Non
i Información reservas	📍 Museo do Gravado de Artes ☎ 981 871 342 ✉ fundartes@gmail.com

*A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo

Acceso:	Desvío situado na Estrada CP-7304 que comunica o Lugar de Xarás con Artes e Corrubedo
Aparcamento autobús:	Si
Visita guiada:	Si
Duración visita guiada*:	60 min aprox.
Reserva previa:	Si
Entrada:	Gratuíta para menores
Área para realizar a comida:	Non
i Información reservas	📍 Centro Recreativo e Cultural de Artes ☎ 981 873 052

*A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo

Acceso:	Rúa Galicia, 2 (zona peonil de Ribeira)
Aparcamento autobús:	Non, o autobús deberá estacionar a 500m aprox.
Visita guiada:	Si
Duración visita guiada*:	45-60 min aprox.
Reserva previa:	Si
Entrada:	Gratuíta
Área para realizar a comida:	Non
i Información reservas	📍 Museo Municipal de Ribeira ☎ 981 873 595 ✉ museo@ribeira.gal

*A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo



NATUREZA

A natureza xoga un papel fundamental no municipio: é o **único concello galego coa superficie diferenciada nun parque natural e un parque nacional**. Ademais diso, a liña costeira dende a Lagoa de Vixán ata a Praia de Espiñeirido está protexida pola Zona de Especial Conservación (ZEC); a Illa de Rúa ten a protección ZEC, Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Gran parte das augas que rodean o concello están protexidas polo Convenio OSPAR e a maior parte das praias son zonas de conservación da pílara das dunas, especie en perigo.

PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

É un dos parques naturais máis visitados de Galicia debido á gran biodiversidade de flora e fauna en menos de 1 000 ha que ocupa a superficie protexida. Ademais conta coa singularidade de ter a **duna móbil de area de maior tamaño do noreste peninsular**.

Está protexido por outras figuras de conservación como **ZEC e ZEPVN** Complexo Húmido de Corrubedo; **ZEPa** do Complexo Litoral de Corrubedo; Zona Húmida Protexida do Complexo de Praias e Duna de Corrubedo; e Zona Húmida de Importancia do Complexo de Corrubedo (incluída no Convenio **RAMSAR**).

Recoméndase comezar a visita no Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia (**CIELGA**) e na casa da Costa, que actúa como Centro de Recepción de visitantes. O CIELGA é un espazo didáctico onde coñecer de preto os ecosistemas do Parque Natural e de toda a zona costeira de Galicia.



Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia - CIELGA



Aparcamento autobuses



Área para realizar comida



Entrada:

Gratuita

Aceso:

- 1 Estrada CP-7304 que comunica o lugar de Xarás con Artes e Corrubedo e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302.
- 2 Estrada CP-7301 que comunica o lugar de Xarás con Aguiño e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302

Visita guiada:

Consultar dispoñibilidade segundo a tempada

Duración visita guiada*:

15 min de vídeo + 45 min de visita guiada ao CIELGA, aprox.

Reserva previa:

Si



Información reservas

- 📍 Centro de Recepción de Visitantes do Parque Natural (Casa da Costa)
- ☎ 881 867 645
- ✉ parque.natural.corrubedo@xunta.gal
- 📍 Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia
- ☎ 981 547 201 / 981 547 202
- ✉ dxpn.cmatv@xunta.gal

*A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo

CAMIÑOS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN



Aparcamento
autobuses



Área para
realizar comida



Entrada:

Gratuita

O Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo, lagoas de Carregal e Vixán ten deseñados cinco sendeiros que achegan ao visitante aos principais recursos do espazo: **a praia do Vilar, a lagoa de Vixán, a lagoa de Carregal, o Río do Mar e a duna móbil**. Para realizar estas rutas o Parque conta cunha guía que explica cada un dos recursos que se atopan a pé do camiño. O nivel de dificultade das rutas é baixo.

O Camiño da Auga comeza no aparcadoiro do Vilar e ten unha lonxitude de 3 ou 4 km. O Camiño da Praia e o Camiño da Gandarela empezan na Casa da Costa e no CIELGA. O primeiro ten unha lonxitude de 1,5 km e o segundo de 3,5 km. Os dous últimos sendeiros son o Camiño do Vento e o Camiño do Río do Mar e o inicio atópase no aparcamento de Olveira.

O Camiño do Vento é unha das pasarelas de madeira máis percorridas polos visitantes, xa que leva ao pé da duna móbil e ten apenas 1,5 km de lonxitude. O Camiño do Río do Mar é un paseo de 3 km que permite ter unha perspectiva diferente da duna de area e acaba na praia, onde a lagoa de Carregal desemboca no mar.

Acceso:

- 1 Estrada CP-7304 que comunica o lugar de Xarás con Artes e Corrubedo e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302
- 2 Estrada CP-7301 que comunica o lugar de Xarás con Aguiño e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302

Visita guiada:

Consultar dispoñibilidade segundo a tempada

Duración visita libre:

Depende da lonxitude de cada sendeiro


Reserva previa:

Non, para a visita por libre.



Información reservas

- 📍 Centro de Recepción de Visitantes do Parque Natural (Casa da Costa)
- ☎ 881 867 645
- ✉ parque.natural.corrubedo@xunta.gal
- 📍 Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia
- ☎ 981 547 201 / 981 547 202
- ✉ dxpn.cmatv@xunta.gal



Praia do Vilar



Carregal



Lagoa de Vixán

CABO E FARO DE CORRUBEDO

Este punto é un dos máis adecuados para admirar a riqueza paisaxística da Zona de Especial Conservación (ZEC) do Complexo Húmido de Corrubedo. Esta **área protexida** esténdese dende a illa de Sálvora ata o Castro de Baroña (Porto do Son). En total unhas **9.263 ha.** Preto do faro comeza a praia de Balieiros, incluída no espazo protexido. Destacan as **praias de mar aberto, con forte ondada;** os pequenos cantís e rochedos próximos á costa onde se colle o percebe; e as praias de coídos. A riqueza natural vese completada polo faro, un exemplo da arquitectura civil galega.



Aparcamento
autobuses



Área para
realizar comida



Entrada:

Gratuíta

Aceso:

Estrada CP-7304 que comunica o Lugar de Xarás con Artes e Corrubedo e continúa pola Estrada AC-303

Visita guiada:

Non

Duración visita libre:

15 min

Reserva previa:

Non



Información reservas


📍 Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque
☎ 686 587 000
✉ turismo@ribeira.gal





ÁREAS RECREATIVAS CON MESAS E BANCOS

O concello de Ribeira conta cunha rede de zonas equipadas con mesas e bancos de uso público nos que facer descansos e gozar dunha comida ou merenda. A continuación preséntase unha lista de lugares para grupos numerosos:

En caso de precisar información sobre restaurantes de gran capacidade, é aconsellable poñerse en contacto co **Departamento de Turismo do Concello de Ribeira:**

 **Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque**

 686 587 000
 turismo@ribeira.gal





- PROPOSTAS DE -

ITINERARIOS ADAPTABLES

ÁS NECESIDADES DE CADA COLEXIO

#RIBEIRAPREHISTÓRICA

1

Chegada ao Parque Periurbano de San Roque

Con aparcadoiro para autobuses e espazo con mesas e bancos para comer.



2

Para a visita guiada ao Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque.

🕒 Duración: 45 min (segundo o tamaño do grupo).
Reserva previa de grupos para a visita guiada.



3

Percorrido guiado polo Parque Periurbano de San Roque

Miradoiro, área do megalitismo, área dos gravados rupestres e área da cultura castrexa
🕒 Duración: 45 min.
Reserva previa de grupos para a visita guiada.

4

Comida na Área Recreativa de San Roque

🕒 Duración: libre

5

Para a visita guiada ao Castro da Cidá

🕒 Duración: 45 min.
Reserva previa de grupos para a visita guiada.



6

Para a visita libre ao Dolmen de Axeitos

🕒 Duración: 15 min.
Visita sen servizo guiado.
Con aparcadoiro para autobuses.



#RIBEIRAMUSEOGRÁFICA

En horario de mañá poderase elixir a visita ao Museo Municipal de Ribeira, ao Museo do Gravado de Artes ou ao Museo Etnográfico de Artes.

1

Para a visita guiada ao Museo Municipal de Ribeira

🕒 Duración: 45-60 min.

Reserva previa de grupos para a visita guiada.
O autobús deberá aparcar a 500m do museo.



2

Para a visita guiada ao Museo do Gravado de Artes

🕒 Duración: 60 min aprox.

Reserva previa de grupos par a visita guiada.
Posibilidade de realizar obradoiros para o alumnado no museo.
O autobús deberá parar a 100m do edificio do museo e o alumnado debe facer este percorrido a pé.



3

Para a visita guiada ao Museo Etnográfico de Artes

🕒 Duración: 60 min aprox.

Reserva previa de grupos para a visita guiada.
Con aparcadoiro para autobuses.

4

Paseo libre pola pasarela do Parque Natural que conduce á duna móbil

🕒 Duración: 30 min.

Visita sen servizo guiado. Para máis información poñerse en contacto co Centro de Recepción de Visitantes (Casa da Costa) ou coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.



5

Comida na Área Recreativa de Espiñeirido ou na do Río de Artes.

6

Para a visita libre ao Dolmen de Axeitos.

🕒 Duración: 15 min.

Visita sen servizo guiado.
Con aparcadoiro para autobuses.

#RIBEIRANATURAL

1

Para a visita ao miradoiro da Pedra da Ra

🕒 Duración: 15 min.

Reserva previa de grupos para visita guiada

Con aparcadoiro para autobuses



2

Casa da Costa: Proxección do vídeo da formación do Parque Natural

🕒 Duración: 15 min.

Reserva previa de grupos.

Con aparcadoiro para autobuses.



3

Para a visita guiada ao Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia (CIELGA)

🕒 Duración 45 min aprox.

Reserva previa de grupos para a visita guiada.

4

Percorrido libre pola pasarela do Camiño da Praia para gozar do areal do Vilar

🕒 Duración: 30 min.

Visita sen servizo guiado. Para máis información poñerse en contacto co Centro de Recepción de visitantes - Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

Con aparcadoiro para autobuses.

5

Comida na Área Recreativa de Espiñeirido ou na do Río de Artes

6

Paseo libre pola pasarela do Parque Natural que conduce á duna mobil

🕒 Duración: 30 min.

Visita sen servizo guiado. Para máis información poñerse en contacto co Centro de Recepción de visitantes - Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

Con aparcadoiro para autobuses.



7

Paseo libre pola contorna do Cabo e Faro de Corrubedo

🕒 Duración: 15 min.


Visita sen servizo guiado.

Con aparcadoiro para autobuses.




PINTA E COLOREA

A Pedra da Rá



Serea de Sálvora



Faro de Corrubedo



Dolmen de Axeitos





WWW.RIBEIRA.GAL